

AXUDAS Á DIXITALIZACIÓN – IG240

INSTRUCCIÓN:

Este documento é un modelo para a redacción do documento constitutivo da agrupación empresarial ao que se refire o artigo 2.3 das bases reguladoras.

É un modelo orientativo, non obrigatorio, polo que pódese asinar calquer outro documento nouro formato pero sempre que se faga mención a todos os aspectos aquí recollidos e se respecte o contido mínimo establecido no devandito artigo 8.3:

a) Identificación de cada un dos seus integrantes por razón social, NIF e nome e DNI do representante legal.

b) Acordo de representación da agrupación e elección do representante desta ante a Administración para os efectos de interlocutor con ela.

c) Recoñecemento dos compromisos asumidos por cada un dos integrantes da agrupación en canto ás características do proxecto que se presenta descrito no cuestionario de solicitude de axuda e á execución individual dos investimentos e gastos de cada peme participante.

d) Acordos de confidencialidade.

e) Xestión da agrupación e plan de continxencias ante posibles dificultades.

f) Autorización ao Igape para solicitar os datos doutras administracións que sexan necesarios para a tramitación da solicitude.

g) Sinatura de todos os integrantes.

A agrupación de empresas non poderá disolverse ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto no artigo 35 da Lei 9/2007.

Constitución da Agrupación Empresarial para o proxecto (*o mesmo título da solicitude*)

(ESTE DOCUMENTO TEN QUE ESTAR ASINADO POLOS REPRESENTANTES LEGAIS DE CADA UN DOS MEMBROS DA AGRUPACIÓN)

D./Dna. _____, con DNI núm. _____, en nome e representación de *(organismo intermedio)*, con NIF: _____, domiciliada en _____, en calidade de *(figura que ostente a representación legal da entidade)*

D./Dna. _____, con DNI núm. _____, en nome e representación de *(peme 1)*, con NIF: _____, domiciliada en _____, en calidade de *(figura que ostente a representación legal da entidade)*

D./Dna. _____, con DNI núm. _____, en nome e representación de *(peme 2)*, con NIF: _____, domiciliada en _____, en calidade de *(figura que ostente a representación legal da entidade)*

D./Dna. _____, con DNI núm. _____, en nome e representación de *(peme 3)*, con NIF: _____, domiciliada en _____, en calidade de *(figura que ostente a representación legal da entidade)*

.
. .
. .
. .

ACORDAN

Primeiro.- Obxecto.

O presente documento ten por obxecto a constitución dunha agrupación empresarial entre as entidades asinantes arriba sinaladas co fin de presentar de forma conxunta unha solicitude de axuda para un proxecto colectivo de interconexión empresarial ao abeiro da convocatoria do IGAPE de axudas á dixitalización Industria 4.0, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, convocatoria publicada no Diario Oficial de Galicia do _____.

Segundo.- Proxecto.

Esta agrupación constitúese para o desenvolvemento do proxecto _____, que consiste en _____

Código NUS: _____ (é o código que xera o sistema cando a empresa líder do proxecto grava o cuestionario e identifica ao proxecto como colectivo, e que lle debe comunicar ás restantes pemes participantes para que queden vinculadas as solicitudes).

Terceiro.- Actividades e custe

Cada empresa participante na agrupación asume o desenvolvemento e o custo inherente á realización das seguintes accións e actividades dentro do proxecto:

	Accións/Actividades	Importe
Empresa 1		
Empresa 2		
Empresa n		
	TOTAL:	

Cuarto.- Designación de representante da agrupación.

As entidades agrupadas acordan designar como representante da agrupación perante o IGAPE á empresa (_____) (en adiante, o líder), de acordo co establecido no artigo 8.3 das bases reguladoras da convocatoria das axudas á dixitalización

O líder será o único interlocutor co IGAPE en todos os trámites relativos á solicitude e ata a resolución, no seu caso, da concesión das axudas. A partires dese momento, cada integrante da agrupación ten a condición de beneficiario dunha axuda e a interlocución co IGAPE será de carácter individual e independente dos restantes membros da agrupación.

Quinto.- Obrigas da empresa líder.

Serán obrigas do líder da agrupación as seguintes:

- Presentar a solicitude de axuda perante o IGAPE en tempo e forma, así como toda a documentación que lle sexa requirida polo IGAPE en relación coa tramitación da solicitude, sexa relativa a si mesmo, ao proxecto ou a calquera dos integrantes da agrupación.
- Recibir todas as notificacións relativas á tramitación da solicitude ata o momento da resolución e, no seu caso, dar traslado do seu contido aos restantes integrantes da agrupación.
- Achegar a memoria técnica de execución do proxecto á que se refire o artigo 16.6.c) e 16.12 das bases reguladoras, onde quede xustificada a realización dun proxecto de interconexión entre as empresas participantes. A falta de presentación desta memoria dará lugar a un incumprimento total do proxecto para todas as pemes participantes segundo se establece no artigo 18.3.e) das bases reguladoras

Sexto.- Obrigas para todas as pemes.

- Facilitar ao líder todos os datos e/ou documentación relativa á súa empresa que este lles solicite en relación coa tramitación da solicitude de axuda.
- Cada peme é responsable da veracidade da información, datos e documentos que facilite aos efectos da tramitación desta solicitude de axuda

- No caso de selección do proxecto e concesión das axudas, cada peme integrante da agrupación é responsable perante ao IGAPE da execución do seu particular proxecto de investimentos e gastos segundo foi descrito na súa ficha de peme participante no cuestionario de solicitude de axuda e segundo os termos e condicións da súa resolución de concesión de axuda individual.
- A falta de execución ou o incumprimento de condicións e a perda total ou parcial do dereito ao cobro da axuda dunha peme integrante da agrupación non afectará as restantes pemes da agrupación beneficiarias agás que se produzan os supostos do artigo 18.3 e f): é dicir, que non cheguen a participar o 20% das empresas iniciais da agrupación e o mínimo de dúas.
- No caso de que a execución do proxecto amose unha desviación sobre o inicial tal que o desvirtuase e non existise interconectividade entre empresas, considerárase un incumprimento total do proxecto.

Séptimo.- Confidencialidade.

Cada membro da agrupación comprométese a non divulgar a información protexida das outras empresas e entidades membros á que poidera ter acceso con motivo da participación neste proxecto.

Esta confidencialidade non afecta ás accións de difusión e divulgación do proxecto que estean previstas na memoria da solicitude de axuda.

Non obstante o anterior, no caso de selección do proxecto e concesión das axudas, ao tratarse dunha axuda pública e cofinanciada polo FEDER, a aceptación da axuda implica a aceptación da súa inclusión como beneficiarios na lista de operacións que publicará o IGAPE de acordo coa normativa reguladora de aplicación.

Oitavo.- Xestión da agrupación

No caso de que o comportamento dunha entidade membro da agrupación dea lugar á perda da posibilidade de concorrer ás axudas ou á perda da condición de beneficiario ou prexudique de calquera xeito aos restantes membros, *establécese*

Noveno.- Autorizacións

Todos os integrantes da agrupación autorizan ao IGAPE a que recabe doutras administracións públicas todos os datos e información que sexan necesarios para a tramitación desta solicitude.

Décimo.- Entrada en vigor e vixencia

A agrupación queda constituída o día da súa sinatura por todas as partes e non poderá disolverse ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto no artigo 35 da Lei 9/2007.

En _____, a ____ de ____ de 201__

Asdo:
Polo organismo intermedio lider:

Asdo:
Pola empresa peme 1:

Asdo:
Pola empresa peme 2:

Asdo:
Pola empresa peme 3:

Asdo:
Pola empresa peme n: